



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Exposición pública dos padróns fiscais provisionais do 2024: lixo, vaos e cemiterio

ANUNCIO

Exposición pública dos padróns fiscais provisionais do 2024: lixo, vaos e cemiterio

A resolución da Alcaldía núm. 928/2024, do 10 de xullo, modificada pola Resolución da Alcaldía núm. 972/2024, do 17 de xullo, de corrección de erro material, aprobou provisionalmente os padróns fiscais anuais, correspondentes ao exercicio 2024, das seguintes taxas:

- Taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos
- Taxa pola conservación e mantemento de nichos no Cemiterio Municipal
- Taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, polas entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase (pasaxes permanentes)

Os ditos padróns estarán expostos ó público neste concello polo prazo dun mes, a contar desde o día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, durante o cal as persoas interesadas poderán interpoñer reclamacións ou alegacións fronte as liquidacións que neles se conteñen.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Unha vez rematado o período de exposición pública, de non presentarse reclamacións nin alegacións, os anteditos padróns consideraranse definitivamente aprobados.

Fene, asinado dixitalmente o 22 de xullo de 2024 polo alcalde, Juventino J. Trigo Rey.

2024/5298